


Openet4mg: Openet para Guías Clínicas



Openet4mg é unha plataforma para a definición e execución de guías médicas sobre unha solución na nube. Openet4mg permite a modificación dinámica das guías médicas en tempo de execución, e a personalización das mesmas ás particularidades e circunstancias do paciente.

Openet4mg implementa neste momento unha guía clínica para a diabetes e outra para a fibrilación auricular, que están sendo desenvolvidas en colaboración cos hospitais de A Coruña e Santiago de Compostela, respectivamente.

Vantaxes

- **Personalización para cada paciente:** Openet4mg permite ós especialistas incorporar novos tratamentos e actividades terapéuticas para adaptalos ás particularidades e resposta evolutiva dos pacientes.
- **Modificación dinámica dos procedementos sen deter a execución:** Os especialistas poden modificar as características dos procedementos durante a execución da guía, incluíndo novos tratamentos e actividades “en quente” para personalizar a guía a cada paciente. Este feito resulta especialmente relevante tendo en conta que resulta moi difícil codificar todas as posibles situacións asociadas ó seguimento dun procedemento médico
- **Deseño colaborativo entre profesionais:** Openet4mg permite que diferentes especialistas médicos colaboren na definición das guías clínicas a través da plataforma
- **Soportado pola nube:** Openet4mg é unha solución escalable soportada por unha arquitectura na nube.


Aplicacións

- Axuda ó diagnóstico, tratamento e seguimento de pacientes
- Formación de profesionais médicos.

Descrición

As guías de práctica clínica son *declaracións ou directrices que inclúen recomendacións destinadas a optimizar a atención ó paciente baseadas nunha revisión sistemática da evidencia e na avaliación dos riscos e beneficios das diferentes opcións de coidado*". A principal motivación das guías de práctica clínica é mellorar a calidade da atención ó paciente e así reducir os custos derivados dos tratamentos.

OPENET4MG é unha arquitectura que permite a xestión automática e a personalización de guías médicas. O sistema consta de:



- Un editor de guías clínicas, que permite a definición de actividades terapéuticas e a definición dos esquemas de coordinación entre facultativos e pacientes
- Un executor baseado en tecnoloxías de workflows, que se encarga de executar as guías nun entorno real a través dunha arquitectura orientada a servizos.
- Un sistema baseado en regras para a definición de situacións clínicas e o disparo das alarmas.
- Unha arquitectura escalable, soportada pola nube.
- Sistemas de axuda que relacionan os procedementos clínicos coas fontes científicas que os avalan.

INFORMACIÓN

Investigadores

Manuel Lama Penín
Juan Carlos Vidal Aguiar
Arturo Casal Villar

Palabras chave

guías clínicas
diabetes
fibrilación auricular
workflows

Propiedade industrial e intelectual

SC-199-12

Páxina web

DEMOSTRADORES

Openet for Medical Guidelines

PROGRAMAS CIENTÍFICOS

e-Saúde (antigo)